



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

### DECRETO DO ALCALDE: RESOLUCIÓN POLA QUE AS CONTÍAS ABONADAS A TODO O PERSOAL EN CONCEPTO DE ANTIGÜIDADE NON SEXAN ABSORBIDAS POLO INCREMENTO DO SALARIO MÍNIMO DO ANO 2023.

#### Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Alcalde-Presidente do Concello de Padrón expón que a pretensión como Xefatura do Persoal do Concello é a de levar a cabo o recoñecemento de antigüidade para que non sexan absorbido polo incremento do salario mínimo na presente anualidade 2023.

*O artigo 26.3 do TRET, dispón que «Mediante a negociación colectiva ou, na súa falta, o contrato individual, determinarase a estrutura do salario, que deberá comprender o salario base, como retribución fixada por unidade de tempo ou de obra e, no seu caso, complementos salariais fixados en función de circunstancias relativas ás condicións persoais do traballador, ao traballo realizado ou á situación e resultados da empresa, que se calcularán conforme aos criterios que para ese efecto se pacten. Igualmente pactarase o carácter consolidable ou non dos devanditos complementos salariais, non tendo o carácter de consolidables, salvo acordo en contrario, os que estean vinculados ao posto de traballo ou á situación e resultados da empresa.*

Segundo. Constan nas dependencias municipais antecedentes sobre a cuestión.

Terceiro. A asesoría Abad achega cálculo sobre a antigüidade do persoal que se pode ver afectado por este Acordo do Concello de Padrón.

Cuarto. O 11 de maio de 2023, teñen lugar as eleccións sindicais dos representantes dos traballadores municipais, momento no que se reitera novamente por traballadoras do SAF, así como por representantes sindicais que se revise a posibilidade de que e as contías abonadas a todo o persoal en concepto de antigüidade non sexan absorbidas polo incremento do salario mínimo.

Quinto. Emítese informe de intervención, de fiscalización do expediente.

#### Fundamentos de dereito.

Primeiro. 1. O art. 26.3 ET: "Mediante a negociación colectiva ou, na súa falta, o contrato individual, determinarase a estrutura do salario, que deberá comprender o

a) salario base, como retribución fixada por unidade de tempo ou de obra

e, no seu caso,

b) complementos salariais fixados en función de circunstancias relativas as condicións persoais do traballador, ao traballo realizado ou á situación e resultados da empresa,

que se calcularán conforme aos criterios que para ese efecto se pacten."

2. Son aparte do SMI os complementos sinalados no apartado b) pero non os salarios sinalados no apartado a)

O ET en base ao indicado vemos que hai dous tipos de conceptos en este aspecto é que uns son aparte do SMI.

Sen esquecer que en todo momento estamos a falar de conceptos salariais. É dicir que os conceptos extra salariais sí que son a parte do SMI con total seguridade

Lembremos que os conceptos extrasalariais son os que compensan os gastos do traballador (transporte, dietas, vestiario...) e por tanto non son salario. Se non son salario, non poden estar dentro do salario mínimo.

Segundo. Neste caso a antigüidade é un complemento do apartado b), porque é persoal, polo que non pode rebaixarse sin saltarse o art.26.3 ET, por iso a sentenza do TS acepta que as subidas do SMI se compensen

coas cantidades percibidas por cada traballador en concepto de trienios, sempre que o convenio colectivo non o prohiba expresamente.

Para estes efectos, só debe rexeitarse a compensación ou absorción cando o propio convenio se establezan expresamente determinadas partidas salariais como non compensables ou absorbibles.

Terceiro. Neste caso singular do Concello de Padrón, e á vista da negociación levada a cabo con representantes das persoas traballadoras afectadas, e o importe que supón, é aprobado que o complemento de antigüidade non sexa absorbido polo incremento do salario mínimo. Cada traballador afectado terá dereito ao aboamento das diferencias do importe dos trienios percibidos á data do seu recoñecemento con ou sen efectos retroactivos, é en todo caso dende xaneiro de 2023, dada a anualidade orzamentaria e a dotación económica, xa que o pagamento prodúcese desde o recoñecemento e abónase coa liquidación da nómina do mes posterior.

Cuarto. Considerando que o órgano competente para o seu recoñecemento, atopamos que a competencia para resolver o expediente deste recoñecemento de pacto ou acordo está outorgada ao Alcalde polo artigo 21.1.h) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Elevar a acordo resolutivo o negociado o 11 de maio de 2023, data na que teñen lugar as eleccións sindicais dos representantes dos traballadores municipais, momento no que se reitera novamente por traballadoras do SAF, así como por representantes sindicais que se revise a posibilidade de que e as contías abonadas a todo o persoal en concepto de antigüidade non sexan absorbidas polo incremento do salario mínimo.

**Segundo.** Bloquear a compensación e absorción dos trienios acumulados polas persoas traballadoras da Administración Municipal que se visen afectados pola subida do SMI no ano 2023.

As cantidades absorbidas dos trienios serán abonadas de oficio pola propia administración, sen que sexa necesario presentar unha petición expresa por parte dos interesados.

**Terceiro.** A Administración municipal de oficio aboará a cada persoa traballadora afectada as diferencias da absorción do importe dos trienios percibidos con efectos retroactivos dende xaneiro de 2023, e que o seu pagamento se produza coa liquidación das nóminas do mes de maio de 2023.

**Cuarto.** Facer público o presente acordo no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal>) e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

**Quinto.** Dar traslado do presente acordo a os servizos de Tesourería e Intervención municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

**Sétimo.** Este acordo manterá a súa vixencia en tanto non se dispoña expresamente a súa derogación, coa



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 11 72 98

excepción daqueles extremos que deveñan inaplicables por contravir normas de rango superior.